

Exploitación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).

Datos correspondentes a xullo de 2026

Data de publicación: 03/08/2026

Principais resultados

- En xullo de 2026, rexistráronse en Galicia 420 constituicións de sociedades mercantís, 24 máis que no mes de xuño. No que vai de ano constituíronse algo máis de 3.000 sociedades, o que supón un incremento do 7,7% respecto ao mesmo período do ano anterior.
- No mes de xullo, notificáronse 112 disolucións de sociedades mercantís en Galicia, 21 máis que o mes anterior. Nos 7 primeiros meses do ano disolvéronse preto de 1.000 sociedades.

1. Constituicións e ampliacións

En xullo de 2026 constituíronse en Galicia 420 sociedades mercantís, o que supón 24 constituicións máis que no mes anterior e 39 máis que no mesmo mes do ano anterior. Co dato de xullo o número de sociedades constituídas no que vai de ano ascende a 3.019 o que supón un 7,7% máis que nos 7 primeiros meses de 2025.

Número de sociedades mercantís constituídas e que amplían capital. Galicia. Xullo de 2026

Unidade: Número

	Dato do Mes	Variación absoluta mensual	Variación absoluta interanual
Sociedades constituídas	420	24	39
Sociedades que amplían capital	88	-3	16

Fonte: IGE. Exploitación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

Capital subscrito e capital ampliado. Galicia. Xullo de 2026

Unidade: Capital (en euros)

	Dato do Mes	Taxa de variación mensual (%)	Taxa de variación interanual (%)
Sociedades constituídas	12.921.544	-29,01	-11,23
Sociedades que amplían capital	66.498.406	-77,50	75,17

Pola súa parte, 88 sociedades mercantís ampliaron o seu capital social durante este período, 16 sociedades máis que as rexistradas hai 12 meses. O capital ampliado por estas sociedades ascendeu a 66,50 millóns de euros.

A Coruña e Pontevedra continúan sendo as provincias con maior dinamismo na creación de sociedades mercantís, concentrando conxuntamente máis de oito de cada dez constitucións rexistradas en Galicia (45,48% e 36,43%, respectivamente). Lugo e Ourense manteñen unha participación máis reducida, representando o 12,38% e o 5,71% restante.

Sociedades mercantís constituídas segundo a provincia de inscrición. Galicia. Xullo de 2026

Unidade: Número, Porcentaxe

Espazo	Número	Porcentaxe
Galicia	420	100,00
A Coruña	191	45,48
Lugo	52	12,38
Ourense	24	5,71
Pontevedra	153	36,43

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).
([descarga da táboa](#)).

2. Demografía das empresas constituídas

O capital medio¹ subscrito polas sociedades constituídas en xullo de 2026 ascendeu a 30.765,58 euros por sociedade.

A práctica totalidade das empresas constituídas en xullo de 2026 en Galicia adoptaron a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada, confirmando o claro predominio desta forma xurídica na creación de empresas en Galicia. O capital medio subscrito por este tipo de sociedades foi de 30.024,81 euros por empresa.

Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Galicia. Xullo de 2026

Unidade: Número, Euros

	Número	Capital	Capital medio
Sociedades Mercantís (Total)	420	12.921.544	30.765,58
Sociedades Anónimas (SA)	0	0	0,00
Sociedades Limitadas (SL)	415	12.460.298	30.024,81
Outras sociedades	5	461.246	92.249,20

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

¹O capital medio subscrito por sociedade calcúlase dividindo o capital total das sociedades constituídas/que amplían capital entre o número de sociedades constituídas/que amplían capital.

Atendendo á actividade económica, o 15,48% das empresas creadas en xullo de 2026 pertencen á rama de Comercio. As seguintes actividades en importancia son Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros (co 13,81% das constituicións rexistradas en xullo de 2026), Construción (co 13,10%), Información e comunicacións (co 12,86%) e Hostalaría (co 10,48%).

Sociedades mercantís constituídas segundo a actividade económica. Galicia. Xullo de 2026.



Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

A presenza masculina segue a ser maioritaria na creación de empresas. En xuño de 2026 rexístráronse 368 socios fundadores homes, que representan o 74,19% do total, fronte a 128 socias (25,81%).

Socios fundadores das sociedades mercantís constituídas segundo o sexo. Galicia. Xullo de 2026

Unidade: Persoas, Porcentaxe

Sexo	Dato	Porcentaxe
Homes	368	74,19
Mulleres	128	25,81
Total	496	100,00

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

As sociedades mercantís creadas en Galicia seguen caracterizándose por contar cun número reducido de socios, limitado nunha porcentaxe moi elevada das constituicións a unha soa persoa. De feito, en xullo de 2026, o 77,38% das sociedades constituídas foron creadas por un único socio fundador e o 17,62% por dous socios.

3. Disolucións, reducións de capital e transformación de sociedades

En xullo de 2026 disolvéronse 112 sociedades mercantís en Galicia, 21 máis que no mes anterior e 29 máis que no mesmo mes de 2025. No conxunto do ano rexistráronse 996 disolucións, cifra similar á observada no mesmo período do ano anterior. Durante este mes 31 sociedades reduciron o seu capital social, rexistrouse 2 procedementos de fusión de sociedades e un procedemento de escisión.

O mes de xullo de 2026 pechou con 20 sociedades afectadas por concurso de acredores, 4 menos que no mesmo mes do ano anterior.

Sociedades mercantís con escisións, fusións ou en situación concursal. Galicia

Unidade: Número


Tempo	Realiza escisión	Fusionadas	Situación concursal
2025/Xullo	0	3	24
2026/Xuño	0	1	6
2026/Xullo	1	2	20

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). ([descarga da táboa](#)).

4. Distribución das constitucións por concellos

A distribución territorial da creación de sociedades non presenta cambios significativos respecto a meses precedentes, polo que se mantén o patrón habitual de concentración nas áreas urbanas e nas súas contornas.

Sociedades mercantís constituídas segundo o concello de inscrición nos últimos 12 meses. Galicia.



Notas metodolóxicas

A Explotación do [Boletín Oficial do Rexistro Mercantil \(BORME\)](#) é unha operación estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) con carácter mensual. Na devandita explotación informativa do BORME, aténdese para facer os cálculos á data de publicación de cada incidencia.

O obxectivo desta operación é medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información sobre os seguintes puntos:

- As empresas creadas, as que amplían e reducen capital, e as que desembolsan dividendos pasivos.
- Información sobre as empresas en situación concursal e as quebras, disolucións, extincións e transformacións de sociedades ocorridas no mes de estudo.
- Información sobre o número de socios fundadores das sociedades constituídas cada mes, así como da súa distribución por sexo.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Evolución das constituicións, ampliacións de capital, reducións de capital e disolucións de sociedades mercantís. Galicia](#)
- [Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Galicia e provincias](#)
- [Sociedades mercantís constituídas segundo a CNAE 2009. Galicia e provincias](#)
- [Distribución dos socios fundadores segundo o sexo e a forma xurídica da sociedade mercantil. Galicia](#)
- [Sociedades mercantís constituídas segundo o concello de inscrición](#)
- [Sociedades mercantís con escisións, fusións e concurso de acredores. Galicia](#)